

**Breve antoloxía de
poesía anglosaxoa
sobre Fisterra.
De Walt Whitman
a Sylvia Plath**

Varios autores

Tradución de Yolanda López López



Varios autores

**BREVE ANTOLOXÍA DE POESÍA
ANGLOSAXOA SOBRE FISTERRA.
DE WALT WHITMAN A SYLVIA PLATH**

Versión galega de Yolanda López López

Henry Wadsworth Longfellow (Portland, 1807 – Massachusetts, 1882)

III

As friestras da choza tornaron en puídas
como o contorno dos ollos dos defuntos;
No dourado das letras da popa
os oblicuos raios do sol xa non refoixen
senón é no mascarón de proa;

No Vitorioso Valdemar,
quen con desdén mira
para nas mareas ver a súa imaxe,
dun lado ao outro aboia desmembrado
e novamente recomponse.

“É o vento,” dicían aqueles patróns,
“O que voltea o barco deste xeito;
É o vento; sopra veloz,
ao fin é hora de dicir adeus,
chegou o instante de partir.”

Eles cruzaron a man do capitán,
“Boa sorte! Boa sorte!” berraron;
Todos os rostos o ocaso semellaban,
cando, amplos e encarnados, un a un,

ocultábanse por un lado do barco.

O sol varudo agochouse, a lúa chea saiu,
serea sobre o campo e as augas;
Todos os regueiros, as baías sinuosas
e os espazosos prados azuis parecían arder;
O ceo escintilaba escarlata como o sangue.

O vento do suroeste sopraba fresco e limpo,
tan limpo como a pureza do aire;
Con destino a Ordesa, sobre a barra,
levantamos áncora, e o Valdemar
saiu con orgullo cara o mar infindo.

A misteriosa lúa rubía cara o ceo
como se o agatuñase en soños;
Unha torre de mármore na súa propia luz;
Un muro negro, un muro branco,
o imponente barco aparentaba.

Aló embaixo sobre a costa areosa
as luces comezan a arder;
E agora, cos brazos elevados no vento,
prenden cun fulgor máis refulxente,
e agora caen pola popa abaixo.

O alborexar vai xurdindo, a terra esvaecendo,
o mar arredor de nós.

Despois dunas de area eríxense
a cada lado e forman outra terra;
E a terra a través do sonido avanza.

Ao longo das ruínas de Kattegat e Skager
revoa coma unha pantasma;
Día e noite, noite e día,
chouta, brinca sobre si mesma
por toda a costa inglesa.

O cabo Fisterra achégase,
O cabo Fisterra aló vai;
No interior da corrente oceánica
flota, a visión dun soño
demasiado fermoso para perdurar.

O sol sae,ponse, rexorde, e aínda
así, non hai terra á vista;
os planetas líquidos relocen
polo alto con maior claridade,
agora que a lúa enfraquece
e a noite persiste de por vida.

Walt Whitman (Long Island, New York, 1819 – Camden, New Jersey, 1892)

4

Que é o que ves Walt Whitman?

Quen son eses aos que saúdas, e aqueles que che devolven o saúdo?

Vexo un gran prodixio circular rodando a través do espazo,

vexo galiñeiros diminutos, aldeas, ruínas, cemiterios, cárceres, fábricas, pazos,
tugurios, choupanas de bárbaros, tendas de nómades espalladas sobor da
superficie,

vexo as sombras cara un lado onde a xente está a durmir,

e as luces cara o outro,

vexo o cambio fugaz das luces e das sombras, tan peculiar...

Vexo as augas copiosas, abundantes,

os cumios dos montes, as serras dos Andes elevándose.

Vexo con nitidez o Himalaia, Chinazas, Altais, Ghauts,

as cimeiras xigantes de Elbruz, Kazbek, Bazardjusi,

os Alpes de Stirian e os Alpes de Karnac,

vexo os Pirineos, os Balcanes, os Carpatos, e o norte de

Dofrafields, e máis alá, no mar, o monte Hecla,

vexo o Vesubio e o Etna, os montes da Lua, e as

montañas vermellas de Madagascar,

vexo os desertos de Libia, Arabia, Asia,

o tremendo e imponente Ártico, os icebergs da Antártida,

vexo os océanos do norte e do sur,

o Atlántico e o Pacífico, o mar de México, o mar de Brasil e o mar

do Perú,

as augas de Hindustan, o mar de China, e a enseada de Guinea,
as augas do Xapón, a fermosa baía da terra de Nagasaki
incrustada nas súas montañas,
a extensión do Báltico, o Caspio, O Golfo de Botnia, as costas británicas, e
a baía de Vizcaia,
o Mediterráneo luminoso, pasando por cada unha
das súas illas,
o mar Branco, e o mar que circunda Groelandia.
Contemplo os mariñeiros do mundo,
algúns deles perdidos nos furacáns, algúns na noite coa ollada no reloxo,
algúns afundidos na corrente, outros morrendo na enfermidade contaxiosa.
Contemplo os veleiros e os buques de vapor do mundo enteiro, algúns
apiñados
no porto, outros de travesía.
Algúns percorren o cabo dos Trebóns, algúns o Cabo Verde e outros cabos,
Guardafui, Bon, o Bajadote,
outros Punta Dondra, outros cruzan o Estreito de Sunda, outros o Cabo de
Lopatka, outros os estreitos de Behring,
outros o Cabo Horn, outros navegan polo golfo de México ou por Cuba ou
Haiti, outros pola Baía de Hudson ou a Baía de Baffin,
outros pasan polo Estreito de Dover, outros entran en Washington, outros
no Estuario de Solway, outros arredor do Cabo Clear, outros a Fin do Mundo,
outros percorren Zuider Zeta ou o Scheld,
outros van e veñen a Gibaltar ou as Dardanelles,
outros ábrense paso a través do duro inverno do norte,

outros ascenden e descenden polo Obi ou o Lena,
outros viaxan por Nixeria ou Congo, outros pola India, Burampooter,
e Cambodia,
outros agardan exaltados e preparados para partir dos portos de Australia,
agardan en Liverpool, Glasgow, Dublin, Marsella, Lisboa, Napoles,
Hamburgo, Bremen, Burdeos, A Haia, Copenhague,
agardan en Valparaiso, Río de Xaneiro, Panama.

Thomas Kinsella (Dublin, 1928)

FINISTÈRE

UNO...

Sentín o arrecendo do Atlántico, sobrenatural, misterioso...

Fisterra...

Fisterra...

A superficie do mar anubrouse. A terra detrás de min
e os seus elementos escureceron.

Dende os desgastados seixos sobre a morea de pedras no cumio
recoñecín o horizonte cara o noroeste
e novamente sentín a imperfección daquel instante.

Cara onde se afastou o último raio afundido...?

Cara un punto de luz?

Un besbello zigzagueando,
saíndo da espiña dorsal,
rubindo famento cara os miolos.

E amosámonos indecisos ante o mar interminable,
mais as nosas faces cantaruxaban con intención
e quietude predadoras.

E a quen pertencía a sangue perturbado que
remexía zoupón nos nosos movementos? A quen pertencía a fame espectral
carcomendo a nosa mente repleta de labirintos
apestando a morte, arxila, pálidos metais,
a pedras inmensas na sombra?

Aló na baía, na distancia,
a marea levounos mar adentro,
as ondas gris marengo sacudíannos,
esvarando, afundíndonos,
progresando a rastro, coma volcáns xigantes....

Empuxados durante un día e unha noite
avanzamos apresurados,
insensibles ao constante
poder do vento oceánico.

Arrexuntámonos como se fósemos un,
e reviramos cara dentro, o caos do sal
ondeando en silencio arredor de nós,
para escoitar os nosos beizos
murmurando no aguillón da espuma do mar:

-Renovarei o meu alento
a miña apacible nai

sobre a auga salvaxe vertendo paz

quen nos forneceu na nosa inquietude,
a quen atopamos e perdimos o rastro,
en cuxa sombra ansiosos
eriximos os nosos dereitos,
e afirmámonos satisfeitos,
e construímos e aínda sentímonos
inquietos, cuxos ollos desorbitados miran perplexos
e o alarido sagrado que desbravamos
mudos nos bloques da pedra,
charcas en espiral abríndose nas
espirais da charca que se van pechando,
e así baila afuracado no farallón
en ángulo curvo, encrechándose
o río,
e rexouba a rampla da terra,
e xira arredor do sol,
serpeando a lúa...

e no seu servizo proxectado
nós alentamos a nosa fame,
desarraigada veu a nós

no inferno da balea

na gorxa do vendaval

no buraco do sal ferido

na escuridade en ningures

na raíña da calma

no vertedura da paz

O pesadelo rematou por fin.

Co sol bretemoso do abrente,

cumios espidos eleváronse no frescor das ondas.

Entramos na fondura da baía, abríndonos

cara as correntes do océano.

Atopabámonos máis aló do que calquera podía imaxinar

aloulados co cansanzo e co desacougo

-en tres ocasións calculamos mal as distancias e case batemos contra

o mesmo con-

(Eu xa sentira todo isto antes...)

Collimos rumbo á ladeira do monte

e adentrámonos na silandeira entrada dunha rocha ecoando

cara o mollar das ondas e o rumor das nosas voces.

Eu tentei amosar calma. “O Noso Pai”, alguén dixo

e escoitouse unha gargallada. Eu mantívenme

na procura do momento idóneo para falar.

Eles permaneceron en silencio. Escollín as palabras anteriores unha vez máis

e apurei o paso. Ao sentir o impacto intenso,

unha forza etérea liberouse na xénese da miña espiña dorsal,

e desenrolouse, escorregando cara arriba a través da medula.

Un refluxo de auga sobre a rocha volveu atrás,

un asubío, tirando do meu talón.

A miña lingua atrancouse

Quen

 é o alento

Que fai ao vento

Que fai á onda

Que fai á esencia desta voz?

Quen

 é o touro con sete cicatrices

O falcón no cantil

O salmón afogado na pucharca

A pucharca mergullada coa terra

A furia do animal

A fibra da flor

Unha bágoa esgazada sobre o sol?

Quen

 é a verba que falou

o arpón que abrolla

 e ferve no terror,

a muxica que nace, vibra, arde,

que estoupa no cerebro?

Cando os homes se atopen na montaña

inmóbiles como pedras na escuridade

 (o oficio bate nas miñas costas)

quen é o eixo de toda a luz?

Quen se precipita por enteiro

nas persuasivas condicións da lúa?

Quen debuxa cos seus dedos o buraco do sol?

(E así continúei, na tentativa de achegarme ao máis alá)

Sylvia Plath (Jamaica, Massachusetts, 1932 – 1963)

FINISTERRE

Esta foi a fin da terra:

os últimos dedos,

acotelados e reumáticos,

premendo na nada.

Cantís

premonitorios da negrura, e o mar infinito estourando,

sen fin, sen nada ao outro lado,

embranquecidos

polos rostos dos afogados.

O agora é soamente escuro e magoento,

unha morea de rochas,

refugallos de soldados que regresan de guerras suxas, antigas.

Os canóns do mar atronan nos seus oídos,

máis eles non retroceden.

Outros seixos gardan o seu rencor baixo as augas.

Os cantís están bordeados por trevos, estrelas e campás,

como se estiveran adornados pola intensidade das mans,

preto da morte,

demasiado minúsculos para que as brétemas sintan desconcerto.

E as brétemas forman parte da parafernalia antiga-

Almas,

balanceándose no ruído moribundo do mar.

Elas magullan as rochas ata asasinallas,

para despois facelas revivir.

E así ascenden sen esperanza,

como suspiros.

Camiño entre elas,

e échenme a boca de algodón.

Cando me liberan,

son un colar de bágoas coralinas.

A nosa Dona dos Naufraxios avanza a alancadas cara o horizonte.

As súas saias marmóreas voan cara atrás

como dúas ás, pétalos de rosa.

Un mariñeiro de mármore axeónllase ante os seus pés aturdidamente,

e aos seus pés

unha labrega vestida de negro

reza ao monumento do mariñeiro en oración.

A nosa Dona dos Naufraxios posúe tres vidas máis cá nós.

Os seus labres adoza con tanta divinidad...

Ela non escoita o que o mariñeiro ou o labrego están a dicir –

Está namorada da sublime infinitude do mar.

O encaixe da cor das gaivotas bate as súas ás

mentres xira na inmensidade do mar

preto dos postos de venda de postais.

Os mariñeiros levan a áncora con cunchas.

Dinlle a un:

“Estas son as fermosas bagatelas que o mar agocha,
diminutas cunchas feitas colares e bonecas.

Non proceden das cercanías da Baía dos Mortos,
senón doutro lugar,
azul e tropical,
no que endexamais estivemos.

Estes son os nosos crêpres.

Comédeos, antes de que enfríen.”

Sylvia Plath (Jamaica Plain, Massachusetts, 1932 – 1963)

CAROL ANN DUFFY

Algúns días,
aínda que non poidamos rezar,
unha pregaría xorde do interior.
E unha muller erguerá o seu rostro
da peneira das súas mans
e contemplará extasiada
as *brancas* que canta unha árbore,
un suspiro repentino.

Certas noites,
aínda que sexamos agnósticos,
a verdade entrará nos nosos corazóns,
esa dor tan familiar;
Entón un home permanecerá quedo,
sentindo a xuventude
nos distantes cánticos recitados en latín.

Orade por nós.
Clasifico as escalas do piano.
Consólase o hóspede observando a través
unha cidade da rexión central.

Despois o ocaso,
e alguén chamará polo nome
dun neno
como se nomease a súa perda maior.

Escuridade nas aforas.

No interior, a oración da radio.

Rockall. Malin. Dogger. Finisterre.

Robert Lima (1935)

A FIN DA TERRA

Un pode sentir o arrecendo do mar

Vivindo

Sentir o mundo por debaixo do pés

Morrendo

O espertar do océano

Corroendo a terra por dentro

Nun final sen respiro.

John Reibetanz (New York City, 1944)

3. Seward (Alaska)

Levabas sobre ti,
por toda a nación,
unha cuncha de mar,
 branca como os osos,
co teu espírito de esquezo,
tan preto do teu corazón
que a botabas en falla. Atravesaches

trechos de terreo areoso,
chairas onde a calor do mediodía
sometía o horizonte como o peso das augas;
aínda así
nunca traías á mente o fondo do océano.

Os pobos dos bosques
amoreados como tartarugas
sobre as chairas refulxentes,
sen o teu pulso
apresurándose coa mesma intensidade ata cando

os muros de granito galego

elevábanse

a modo de empalizadas de espuma no borde do camiño,

e soa a cuncha do teu oído atracada

illa adentro.

E aínda así,

o mar foi sempre o teu primeiro fogar: ondas púrpura

murmuraban o sal mariño

a través das enseadas do teu corpo

e batían nos extensos cumios da fin da terra.

Movida por rumores de válvulas con gonzo

no teu peito,

deberías ter sentido a unidade das costelas brancas

co teu esqueleto impulsado polas ondas,

sen sentir pánico pola túa mortalidade,

como un cativo atemorizado

ata chegar a sentir piedade

polos osos axitados,

mais contemplando, na rotura

irreparable da cuncha e no desprazamento,

unha figura entallada, peregrinaxe humana,

coas ás extendidas, á deriva da crisálida perdida.

John Reibetanz (New York City, 1944)

5. O navío de pedra

Terra adentro,

dende onde o navío de pedra atracou,

axeonllácheste

baixo un barco de incenso,

ferro fundido cheo de lume,

pertencente a unha cadea de mando,

como se emitise ás brancas de fume

a través da catedral. Sentías,

tocando cos teus dedos

o fío encadeado da cuncha da túa vieira,

o *quid* da historia. A túa mente non podía desvelar

o que o teu tocar sentía;

aquí atopábase a estatua acordoada

pola que tiñas que andar

ata a fin do mundo,

aínda que compartise os teus pasos

dende a primeira milla:

Liberdade,

feita corpo nos fíos dunha corda
que levabas,
feita corpo – agochada – nas ás
que te erguían,
pedra branca por debaixo da túa pel,

osos que tomaron voo
coa rapidez da luz das estrelas.
O teu camiñar agatuñara no miragre
da dorna do santo,
e foi unha cuncha erixíndose

e un navío de pedra,
prisión e liberación.
E así,
para soste os ombros de Santiago
e bicar a súa estatua, onde a vieira pétrea

permanecía pousada
no centro da ampla capa do santo,
ascendías polas escadas de pedra
da escaleira estreita,
libre,

como na túa casa,

como un peregrino sen patria.

SUSAN CARMICHAEL (New York City, 1949)

Mantendo garda sobre o paraíso (peregrinando cara Fisterra)

A chegada da tormenta

A treboada está a piques...

Ves o verdor púrpura das nubes?

O vento está a avivarse

arrincando flores pola forza, grava, cascallo, lixo, anacos de
pacotilla

vendavais de vento xogan cos refugallos,

revoleando e abaneándose

de seguido movéndose baleirando a colleita sobre o poeirento carreiro
repleto de buracos.

Unha doce ducha melódica, empapando o horto de estío.

O antigo casal de pedra deixa o seu rastro na brétema
efémera, momentánea babuxa.

Pecho os meus ollos e non recoñezo onde estou.

Aire húmido e neboento impregnado de chuvía nocturna.

Doce fragancia da herba do céspede cortado

á miña dereita e á miña esquerda.

Os paxaros cantan dende o centro da terra;

Todas as memorias dispáranse desencadeadas por un sonido
ou perfume

como película fotográfica revelada e instantánea.

A antiquísima manta noitarenga cobre todo dende arriba

mentres espirais de lá branca ascenden dende abaixo.

Quen se achega a través deste humilde camiño verdello e rocoso?

Unha vida enriquecedora no pasado

atrapada no espello,

reflexando mágoa e dor,

ledicia e prosperidade.

Fuxamos: recollamos as nosas pertenzas e vaiamos,

vaiamos e atopemos un verán doce e delicioso.

Escalemos a senda verde e salvaxe.

Ascendamos na tranquilidade polos vieiros da soedade

cara aos ceos montañosos que

descenden en fervenza.

Mais non a través da arxila ou das vereas tortuosas.

Eu ergo a miña tenda, o meu campamento:

Unha luz penetrando pola dereita aire fresco dos piñeiros

auga fría do río.

Escoita:

O sonido, a música da chuvia
o seu refulxir a súa espuma resplandecente.

Poderíamos vivir preto deste *Edén*

ou simplemente admiralo máis?

Levarei comigo este contemplar – alguén deberá manter a garda sobre o
Paraíso.

Cecais podería ser EU.

JULIA CASTERTON (Nottingham, 1952)

FINISTERRE

A medida que nos achegamos á fin do mundo

todo aquí está calibrado en microsegundos;

A vida dividida

ou as oportunidades da morte da Fórmula Única.

Mesmo os arcos da vella cambian o seu comportamento.

Como acostuman a facer nun lugar

onde ninguén pasa nin por asomo.

Como *Reepacheep**,

todos permanecemos aquí

porque así o eleximos.

Así é que as ondas de luz

caladas en partículas de auga

non se retiran, inesgotables,

como acontece nos libros,

mais comezan e rematan

as súas artes policromadas

aquí nos penedos.

Mirade,

podedes sentir o contacto da súa cor,

o momento-cumio
onde o raio de sol amosa as flores á súa servidume
para lanzalas ao vento
sobre aferradas alfombras purpúreas.

Namentres,

por debaixo,

un mariñeiro rema nunha dorna de veludo;
non hai tensión na superficie entre el e o mar.

Aquí, non hai nada máis:

nada que nos empuxe cara adiante,
nada cara atrás. Os nós do mariñeiro

que mantiveron as redes no seu lugar
afrouxáronse

e así flotamos nun mar

que sempre agardou para recibirnos,
o insondable océano que nin contén pais nin remorsos.

Aquí,

na última recaedela,

onde os arcos da vella son seres doutra especie.

* Enténdese como un personaxe da serie fantástica de Narnia; en concreto, un
ratón que posúe unha elevada dose de coraxe.